



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BRIÓN

*Exposición pública de expediente de modificación da taxa de saneamento e depuración de augas residuais*

#### ANUNCIO

O Pleno do concello en sesión de data 17 de xuño de 2026 aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

De conformidade co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo publicarse a modificación integramente no BOP para a súa entrada en vigor.

Brión, 17 de xuño de 2026.

O alcalde.

Pablo Lago Sanmartín.

2026/4163